



Concello de Pedrafita do Cebreiro

BANDO

D. JOSÉ LUIS RAPOSO MAGDALENA, ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO, LUGO:

FAGO SABER:

Que co fin de correxir o estado de abandono das fincas existentes no Concello e os prexuízos causados ás fincas colindantes, é de máximo interese para tódolos veciños de Pedrafita do Cebreiro que as fincas e soares do Concello se atopen nun adecuado estado de limpeza e coa masa vexetal rozada.

Ademais, este é **UN DEBER QUE TEÑEN OS PROPIETARIOS DE TERREOS DURANTE TODO O ANO**, Sendo a lexislación vixente moi clara ó respecto.

Así o artigo 21.1 da Lei 3/2007, de Prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, **OBRIGA AOS PROPIETARIOS DOS TERREOS A XESTIONAR A BIOMASA VEXETAL NUNHA FRANXA DE 50 METROS ARREDOR DE CALQUERA NÚCLEO DE POBOACIÓN, EDIFICACIÓN, URBANIZACIÓN, DEPÓSITO DE LIXO, CÁMPING, INSTALACIÓNS RECREATIVAS, OBRAS, PARQUES E INSTALACIÓNS INDUSTRIAIS.**

Ademais nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta Lei(eucaliptos, pinos, acacias,...).

No caso de incumprimento procederase a incoar o correspondente expediente, que poderá conlevar a imposición de sancións.

En Pedrafita do Cebreiro, na data da sinatura electrónica á marxe.

O Alcalde

Asdo.: José Luis Raposo Magdalena

Concello de Pedrafita do Cebreiro

Plza. de España, 2, Pedrafita do Cebreiro. 27670 (Lugo). Tfno. 982367103. Fax: 982367150